

Solucións

1. Estas son as partes: a boca, a farinxe, o esófago, o estómago, o intestino delgado, o intestino grosso, o ano. Tamén poden rotularse o fígado e o páncreas.
 - O estómago segrega os zumes gástricos, o páncreas segrega o zume pancreático e o fígado segrega a bile.
 - O proceso dixestivo ten tres fases: a dixestión, a absorción e a eliminación de refugallos.
2.
 - A caixa torácica protexe os pulmóns e o corazón. Está formada por varios ósos: o esterno, as costelas e parte da columna vertebral.
 - O intercambio de gases prodúcese nos alvéolos pulmonares. O sangue que pasa polos pulmóns cárgase de osíxeno e queda libre de dióxido de carbono.
3. • R. G.
 - As arterias conducen o sangue desde o corazón aos órganos. As veas levan o sangue desde os órganos ata o corazón.
4. Nos riles prodúcese a urina e nas glándulas sudoríparas, a suor. Tanto a urina coma a suor conteñen auga, sales e substancias de refugallo.
5.
 - Cambios nas nenas: medran as mamas, ensanchan as cadeiras, aparece peluxe na pube e nas axilas, médrase en estatura, aparece a primeira menstruación, maduran os órganos sexuais.
 - Cambios nos nenos: aparece peluxe na cara, na pube e noutras partes do corpo, desenvólvese a musculatura, cambia a voz, médrase en estatura, maduran os órganos sexuais.
6. Todos os seres vivos realizan as funcións **vitais** e están formados por **células**. As persoas somos seres **pluricelulare** e no noso **organismo** distínguense varios **niveis** de organización, que, do máis sinxelo ao máis complexo, son: **célula, tecido, órgano, sistema e aparello**.